

I OBXECTIVOS

Lido: lugares únicos para a lectura ten como obxectivo xeral invitar aos seus participantes a celebrar o Día do Libro, mediante o envío dunha fotografía na que poderá aparecer o propio participante cun libro no sitio onde máis lle gusta ler ou tamén poden aparecer obxectos ou paisaxes que nos inspiren. Con esta actividade buscamos compartir o gusto pola lectura a través do emprego das novas tecnoloxías e as redes sociais.



II PARTICIPANTES

Poderán participar tódalas persoas maiores de idade interesadas na lectura e na fotografía.

III A IMAXE

Buscamos imaxes relacionadas cos lugares favoritos dos participantes para a lectura, poden ser sitios curiosos, inspiradores, acolledores, composicións con paisaxes e lectura...etc.

A imaxe poderá facerse co dispositivo que o participante considere oportuno

Os participantes cederán tódolos dereitos de reproducción, exposición e publicidade, coa plena cesión da obra á UNED para a súa reproducción nos medios institucionais sen fins comerciais.

A participación neste certame supón a total aceptación das presentes bases. No caso de incumprimento de calquera delas procederase á descualificación do participante.

Os participantes responsabilízanse do cumprimento das disposicións legais vixentes en materia de propiedade intelectual e do derecho á propia imaxe, declarando que a difusión ou reproducción da obra dentro da promoción e información do presente certame non lesionará ou prexudicará ningún derecho de terceiros.

IV ENVÍO E DIFUSIÓN

A imaxe enviarase por **WHATSAPP** ao número 608 57 73 91 ou como arquivo adxunto ao correo biblioteca@lugo.uned.es. Na mensaxe deben indicarse ademáis os seguintes datos: Nome e apelidos do participante; lugar onde foi tomada a fotografía, título e autor do libro; teléfono de contacto. Só se admitirá unha imaxe por participante.

Tódalas imaxes serán publicadas na conta de INSTAGRAM: [@unedlugo](https://instagram.com/unedlugo) <https://instagram.com/unedlugo>

O Centro Asociado UNED de Lugo divulgará as fotografías nas redes sociais baixo a etiqueta #DÍADELLIBRO

V PREMIO

Entre tódolos participantes o xoves, 23 de abril sortearánse un “*Lote de Libros para almas lectoras*” e un “*Kit de Catas Literarias*” (2 entradas para as [Catas Literarias do MIHL](#), libro presentado e unha botella de viño). Premios expostos na Biblioteca do Centro Asociado UNED de Lugo e nas redes sociais.

VI PRAZO DE RECEPCIÓN DE IMAXES

O prazo de recepción de imaxes comezará o 25 de marzo de 2015 e rematará o mércores, 22 de abril de 2015, ás 23:59 horas.